



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DE LUGO. SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO, EMPRENDEMENTO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo sobre días inhábiles para o ano 2023 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e afíns de Lugo (Código número 27000245011982), asinado o día 14 de decembro de 2022, pola representación patronal e das centrais sindicais U.G.T. (41,67%), CC.OO. (33,33%) e C.I.G. (16,67%), e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de igualdade, ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 17 de xaneiro de 2023.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE ACORDO

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA A INDUSTRIA DE EBANISTERÍA E AFÍNS DE LUGO

ASISTENTES

Pola Asociación Provincial de

Empresarios de Ebanistería de Lugo

PATRICIA LÓPEZ LÓPEZ (DNI 33996961V)

MANUEL LÓPEZ INSUA (DNI 76530708W)

MARIO CARBALLO LAMA (DNI 33316746G)

MARIA DE LA CRUZ BESTEIRO PALLARES (33319683C)

POLAS CENTRAIS SINDICAIS

UGT [41,67%]

CARLOS GARCÍA VAZQUEZ (DNI 11922182V)

CESAR LLAMAZARES GONZÁLEZ (DNI 33325711E)

DIEGO JOSÉ CHAO RUBAL (DNI 33998011D)

MIGUEL ÁNGEL GRANDE LÓPEZ (DNI 33337243P)

CC.OO. [33,33%]

JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ (DNI 33851807Q)

LUIS RODAS GARCÍA (DNI 50.179.927E)

DIEGO FERREIRO MORADO (DNI 33544975G)

CIG [16,67%]

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ (DNI 76578117P)

XOAN MANUEL DÍAZ BRANCO (DNI 33996055P)

Asistentes

- POR LA REPRESENTACIÓN SINDICAL - LUIS RODAS GARCÍA (CCOO). - CARLOS GARCIA VAZQUEZ (UGT). - ALFONSO LOSADA RODRIGUEZ (CIG).	- POR LA REPRESENTACIÓN PATRONAL - ANGELES VILA CAJETE - LAURA LOZANO HERMIDA - NURIA RODRÍGUEZ ARIAS
ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN SINDICAL (Centrales sindicales: CCOO, UGT y CIG)	ASESORES DE LA REPRESENTACIÓN PATRONAL D. Adrián Núñez Fernández, (LUCUS LEX ABOGADOS, S.L.P.) T elf.: 982242309/fax: 982231567 Email: adriannunez@lucuslexabogados.com

REPRESENTACIÓN SINDICAL

- POR CCOO con el 50%
- * D. Diego Ferreiro Morado. (DNI nº33544975G)
- * D. Luis Rodas García.(DNI 50.179.927E)
- POR UGT con el 43,75%
- * D. Carlos García Vázquez (DNI nº11922182V)
- * D. Diego José Chao Rubal (DNI nº 33998011-D)
- POR CIG con el 6,25%
- * D. Alfonso Losada Rodríguez (DNI nº76578117-P)

REPRESENTACION PATRONAL (Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo)

- * Dña. Angeles Vila Cajete (DNI nº33998804-C)
- * Dña. Laura Lozano Hermida (DNI nº33552667-Z)
- * Dña. Nuria Rodríguez Arias (DNI nº34267513-C)

ASESORES

- * D. Adrián Núñez Fernández (DNI nº 33344942-W)

En la ciudad de Lugo, a 29 de Noviembre de 2.022, se reúnen los representantes de las Centrales Sindicales y de la Asociación de Empresarios de la Primera Transformación de la Madera de Lugo que al inicio de la presente Acta se identifican y relacionan, con el objeto de proceder a la negociación de la modificación en materia de Seguridad y Salud en el trabajo, de la actual redacción del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo, (BOPLU de 7 de Marzo de 2.022-Código 27000445011982); reconociéndose con legitimación y capacidad suficiente para negociar, con la representatividad que poseen,

EXPONEN

Abierta la sesión y después de una amplia deliberación por las partes negociadoras, se adoptan los siguientes,

ACUERDOS

PRIMERO.- Constituir la comisión deliberadora para la negociación de la modificación en materia de Seguridad y Salud en el trabajo, de la actual redacción del Convenio Colectivo Provincial de la Primera Transformación de la madera de la Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Se comienza por la negociación y se presentan por las partes sendas propuestas de redacción, textos que son debatidos y finalmente resulta aprobado el definitivo por unanimidad, acordándose añadir al Convenio Colectivo un nuevo artículo en materia de Seguridad y Salud en el trabajo, con el siguiente tenor literal:

“Artigo Trixésimo Quinto. Seguridade e Saúde no traballo.

En todo momento se estará ó disposto no Estatuto dos Traballadores, Convenio Colectivo Estatal da Madeira que resulte de aplicación e demais lexislación vixente sobre a materia.

As partes signatarias acordan constituir a Comisión Mixta Paritaria Provincial Sectorial de Seguridade e Hixiene, integrada por un representante de cada unha das Centrais Sindicais firmantes do presente Convenio e un número de representantes da «Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo» igual ó total das Centrais Sindicais firmantes, sendo posibel a asistencia como entidade invitada outra organización empresarial ou sindical, sempre previo acordo de ámbalas dúas partes firmantes do presente Convenio.

Serán función desta Comisión:

A) Recabar do Ministerio de Traballo y da Xunta de Galicia o recoñecemento oficial como interlocutor social sectorial en materia de Seguridade e Hixiene, tanto no seu aspecto lexislativo como no desenrolo dos planes e medidas formativas.

B) Estudiar e acordar os mecanismos oportunos de coordinación da información provincial en materia de siniestralidade no sector, que suministrarán á comisión específica provincial de Seguridade e Hixiene, ou no defecto, á comisión paritaria deste Convenio.

C) Promover cantas medidas se consideren, tendentes a mellorar a situación do sector nesta materia, tendo como obxecto fundamental o extender a preocupación pola Seguridade a tódolos niveis, fomentando campañas de mentalización, etc.

D) Acometer as xestións necesarias para obter os medios que lle permitan desenrolar as súas función coa eficacia adecuada..

E) Fiscalizar a composición, estrutura e os medios do Servizo de Prevención Mancomunado da Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo.

En relación co apartado E) e de conformidade co disposto no artigo 21 do Regulamento dos Servizos de Prevención, en fecha 14 de setembro se constituiu o o Servizo de Prevención Mancomunado da Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo coa comparecencia das centrais sindicais máis representativas do sector e suscribiuse o acordo para a súa entrada en vigor o 01 de outubro de 2.022., a disposición da representación sindical e a patronal na sede da Asociación de Empresarios da Primeira Transformación da Madeira de Lugo, con oficinas na Avenida das Américas nº 107, baixo, 27.004, Lugo; acordo que se ten por reproducido.

A antedita inclusión no presente Convenio comporta o réxime de consulta ós representantes legais dos traballadores das empresas afectadas, posto que as organizacións sindicais que conforman esta comisión mixta paritaria provincial, son as que contan coa representación do 100% dos traballadores das empresas do sector da primeira transformación da madeira da provincia de Lugo según os datos obrantes na Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade así como do control do citado Servizo de Prevención coa finalidade de verificar que se cumpran en todo momento os requisitos esixidos pola normativa sectorial para a súa implantación e o exercicio da súas función.

Ós efectos do disposto no derradeiro apartado E), o Servizo de Prevención comunicará á Comisión Mixta Paritaria Provincial Sectorial de Seguridade e Hixiene as empresas participantes e as altas e baixas das empresas no Servizo de Prevención Mancomunado, os recursos materiais e humanos cos que dito Servizo conta para exercer as súas funcións nas mesmas, así como o cumprimento das obrigas de auditoría esixibles para cumprir de forma efectiva co cometido do mesmo e a memoria e programación de actividades anuais.

Calquera variación en canto a medios personais e materiais que resulten relevantes e poidan afectar ó cumprimento dos requisitos mínimos de funcionamento legalmente esixibles deberá de ser comunicada á Comisión, entendéndose que permanecen invariables se dita circunstancia non se produce. A comunicación se transmite a efectos informativos coa finalidade de poder realizar por parte da mesma o control e cumprimento das obrigas establecidas en relación á estrutura, medios humanos e materiais, sin ter dita Comisión o poder de decisión dos devanditos medios materiais, humanos e estrutura do Servizo, agás o que le a incumprir as exixencias legais.

A Comisión reunirse cantas veces o solicite unha das súas partes e, como mínimo, unha vez ó ano para a elaboración da acta de incorporacións e baixas e a memoria de medios personais e materiais.”

TERCERO.- Remitir a través del REGCON la presente Acta a la Consellería de Emprego e Igualdade para que sea supervisada y se proceda a su remisión para publicación al BOP de Lugo.

CUARTO.- Habilitar y autorizar expresamente a D. ADRIÁN NÚÑEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33344942-W, para que realice las gestiones necesarias a los efectos proceder a la tramitación, depósito y publicación de los acuerdos adoptados en el BOP a través del REGCON, así como realice las subsanaciones que resulten procedentes.

Y en prueba de conformidad se firma la presente acta por los integrantes de la Comisión Mixta Deliberadora, en el lugar y fecha expresados en el encabezamiento.

Fdo.: Angeles Vila Cajete

Fdo.: Laura Lozano Hermida

Fdo.: Nuria Rodríguez Arias

Fdo.: Luis Rodas Garcia.

Fdo.: Diego Ferreiro Morado

Fdo.:Alfonso Losada Rodríguez

Fdo.:Carlos García Vázquez

Fdo.: Diego José Chao Rubal

CONCELLOS**CERVO***Anuncio*

Aprobado inicialmente o "Proxecto de urbanización do PEID da estrada A Quintas no Concello de Cervo (Lugo)", pola Xunta de Goberno Local de data 13 de xaneiro de 2023, de conformidade co artigo 96.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia e 226.2 do seu Regulamento, sométese a información pública durante o prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio, a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións que teñan por conveniente.

Durante o devandito período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes, estando a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Cervo. [<http://cervo.sedelectronica.es>].

O presente anuncio servirá de notificación aos interesados, no caso de que non poida efectuarse a notificación persoal do outorgamento do trámite de audiencia.

Cervo, 16 de xaneiro de 2023.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0159

Anuncio

Detectado erro nas Bases Específicas que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021, que foron publicadas no BOP de Lugo de 26 de decembro de 2022, procédese á corrección do apartado "Nº" correspondente á praza C11 Administrativo/a Persoal de Apoio Dinamización Sociocultural e Lingüística, no que el lugar de dúas prazas, se convoca unha praza, de xeito que, onde pon:

referencia da convocatoria	prazas convocadas	nº	clase de persoal	grupo	sistema selectivo	requisitos de titulación	outros requisitos	observacións
C11	Administrativo/a-Persoal Apoio Dinamización Sociocultural e Lingüística	2	Laboral	C1	DA 6ª	Título oficial de Bacharel, Técnico/a, ou equivalentes	C4	

Debe poñer:

referencia da convocatoria	prazas convocadas	nº	clase de persoal	grupo	sistema selectivo	requisitos de titulación	outros requisitos	observacións
C11	Administrativo/a-Persoal Apoio Dinamización Sociocultural e Lingüística	1	Laboral	C1	DA 6ª	Título oficial de Bacharel, Técnico/a, ou equivalentes	C4	

Cervo, 18 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 171

LUGO*Anuncio*

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia acordou, con data do 9 de xaneiro de 2023, iniciar o procedemento para a aprobación do "Proxecto da terminal de autobuses integrado na área intermodal de Lugo" como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, segundo o previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese. Con data do 12 de

xaneiro de 2023 remitiu o devandito proxecto a este Concello solicitando o seu sometemento a información pública, como trámite previo á emisión do correspondente informe municipal.

En cumprimento do establecido no artigo único, parágrafo 4 da devandita Lei 3/2016, do 1 de marzo, sométese o "Proxecto da terminal de autobuses integrado na área intermodal de Lugo" a información pública durante un prazo de vinte días, durante o cal poderá consultarse e formular ante este Concello as alegacións que se estimen convenientes.

O acceso ao contido do devandito proxecto poderá realizarse na sede electrónica deste Concello a través da seguinte ligazón:

<https://concellodelugo.gal/gl/actuacions/planeamento-xestion-e-disciplina-urbanistica>

Lugo, 18 de xaneiro de 2023.- A ALCALDESA, P.D. O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, (Decreto número 2973/2021) Álvaro Santos Ramos.

R. 0160

SARRIA

Anuncio

O día 12/01/2023, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2023-0050, aprobou a corrección das bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme e a corrección das seguintes bases específicas:

- Decreto 2023-0051. Convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, de 6 prazas de auxiliar Xerocultora, Grupo de Cotización 7, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme
- Decreto 2023-0052. Convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar Xerocultora, Grupo de Cotización 7, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme

DECRETO 2023-0050

Mediante Decreto 2022-1352, de data 10/12/2022, aprobáronse as bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme.

Estas bases xerais foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 286, de data 16/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 247 de data 29/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 310 de data 27/12/2022, sendo esta última publicación a que abre o prazo de presentación de instancias.

Con data 28/12/2022 (Rexistro 2022-E-RE-2270) recíbese un escrito suscrito polas centrais sindicais CCOO, CIG, CSIF e UGT no cal manifestan que, por parte destas centrais, se produciu un erro á hora de transcribir e dar lectura aos criterios de desempate acordados cos traballadores do Concello de Sarria e do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme nas reunións mantidas con eles, motivo polo cal se lles deu un traslado erróneo na mesa de negociación de data 30/11/2022 que non se adapta ao contido acordado que efectivamente debía ser negociado.

Considerando que o artigo 2.4 e a Disposición adicional sexta da Lei 20/2021 establecen que estes procesos selectivos poderán ser obxecto de negociación.

Visto que, segundo o artigo 6.3 da Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical, os sindicatos gozan de capacidade representativa para participar como interlocutores na determinación das condicións de traballo nas Administracións Públicas a través dos oportunos procedementos de consulta e negociación.

Considerando que as organizacións sindicais CCOO, CIG, CSIF e UGT actúan cumprindo os principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia que esixe, respecto da negociación colectiva, o artigo 149 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, co obxecto de que se fagan efectivos os acordos alcanzados cos traballadores no procedemento de consulta levado a cabo con eles.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Estimar a solicitude presentada polas organizacións sindicais CCOO, CIG, CSIF e UGT e corrixir os apartados 9.1.6 e 9.2.6 das bases xerais que han de rexir os procesos selectivos para a cobertura das

prazas incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme (Decreto 2022-1352, de data 10/12/2022), quedando ambos apartados coa seguinte redacción:

“Unha vez rematado o proceso selectivo, e no caso de producirse empates, estes resolveranse segundo os seguintes criterios e seguindo esta orde:

- Maior puntuación no apartado de experiencia A.1-Por servizos prestados en calquer Concello ou Organismo Autónomo dependente dun Concello
- Maior número de meses acreditados en igual praza/posto á convocada
- Maior puntuación no apartado de formación
- Maior puntuación no apartado B.1 Cursos de formación, considerado individualmente
- Maior puntuación no apartado B.2 Formación superior, considerado individualmente
- Sorteio público”.

SEGUNDO. Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a presente resolución, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO. Publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado extracto da publicación desta resolución.

CUARTO. Outorgar un novo prazo de presentación de solicitudes respecto das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme de 20 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial do Estado, con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 310 de data 27/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo

DECRETO 2023-0051

Mediante Decreto 2022-1356, de data 10/12/2022, aprobouse a convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, de 6 prazas de auxiliar Xerocultora, Grupo de Cotización 7, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme

Estas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 286, de data 16/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 247 de data 29/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 310 de data 27/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Advírtese un erro na base 5.2, respecto dos requisitos específicos, posto que se indica a como titulación mínima o certificado de escolaridade, estudos primarios ou equivalente, cando o correcto é Graduado Escolar, Graduado en Educacións Secundaria Obligatoria ou equivalente. Ademais, esíxese como nivel de galego o Celga 1, cando o correcto é solicitar o Celga 3.

Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 respecto das rectificacións de erros materiais, de feito ou aritméticos.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Corrixir o apartado 5.2 da convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, de 6 prazas de auxiliar Xerocultora, Grupo de Cotización 7, incluídas na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme aprobadas mediante Decreto 2022-1356 nos seguintes termos:

Onde di:

5.2 Requisitos específicos:

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto 2022-1352, de data 10/12/2022, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

- a) Titulación esixida: Estar en posesión do certificado de escolaridade, do título de estudos primarios ou equivalente.

Ademáis, deberán acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, establecida no RD 1368/2007, de 19 de outubro. No seu defecto, para a acreditación deste requisito, estar en posición da titulación de Formación Profesional de Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería ou ciclo formativo de grado medio, Técnico de Atención sociosanitaria ou resguardo acreditativo de haber obtido o certificado ou a titulación requirida anteriormente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar o orixinal ou fotocopia compulsada da credencial que acredite a súa homologación en España

- b) Nivel de Galego: Celga 1. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego.

Debe dicir:

5.2 Requisitos específicos:

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto 2022-1352, de data 10/12/2022, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

- a) Titulación esixida: Estar en posesión do Título de Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente

Ademáis, deberán acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, establecida no RD 1368/2007, de 19 de outubro. No seu defecto, para a acreditación deste requisito, estar en posición da titulación de Formación Profesional de Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería ou ciclo formativo de grado medio, Técnico de Atención sociosanitaria ou resguardo acreditativo de haber obtido o certificado ou a titulación requirida anteriormente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar o orixinal ou fotocopia compulsada da credencial que acredite a súa homologación en España

- b) Nivel de Galego: Celga 3. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego.

SEGUNDO. Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a presente resolución, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO. Publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado extracto da publicación desta resolución.

CUARTO. Outorgar un novo prazo de presentación de solicitudes respecto das prazas incluídas nestas bases específicas de 20 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial do Estado, con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 310 de data 27/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo

DECRETO 2023-0052

Mediante Decreto 2022-1335, de data 10/12/2022, aprobouse a convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar Xerocultora, Grupo de Cotización 7, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme

Estas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 286, de data 16/12/2022. Así mesmo, publicouse extracto das mesmas no Diario Oficial de Galicia número 247 de data 29/12/2022 e no Boletín Oficial do Estado número 310 de data 27/12/2022, sendo esta última publicación a que abreu o prazo de presentación de instancias.

Advírtese un erro na base 5.2, respecto dos requisitos específicos, posto que se indica a como titulación mínima o certificado de escolaridade, estudos primarios ou equivalente, cando o correcto é Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente. Ademais, esíxese como nivel de galego o Celga 1, cando o correcto é solicitar o Celga 3.

Considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 respecto das rectificacións de erros materiais, de feito ou aritméticos.

Examinada a documentación incorporada ao expediente e de conformidade co establecido no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Corrixir o apartado 5.2 da convocatoria e bases específicas para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar Xerocultora, Grupo de Cotización 7, incluída na Oferta de Emprego para a Estabilización do Emprego Temporal do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme aprobadas mediante Decreto 2022-1335 nos seguintes termos:

Onde di:

5.2 Requisitos específicos:

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto 2022-1352, de data 10/12/2022, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

- c) Titulación esixida: Estar en posesión do certificado de escolaridade, do título de estudos primarios ou equivalente.

Ademais, deberán acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, establecida no RD 1368/2007, de 19 de outubro. No seu defecto, para a acreditación deste requisito, estar en posición da titulación de Formación Profesional de Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería ou ciclo formativo de grado medio, Técnico de Atención sociosanitaria ou resguardo acreditativo de haber obtido o certificado ou a titulación requirida anteriormente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar o orixinal ou fotocopia compulsada da credencial que acredite a súa homologación en España

- d) Nivel de Galego: Celga 1. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego.

Debe dicir:

5.2 Requisitos específicos:

Segundo o apartado 5.2 das bases xerais aprobadas por Decreto 2022-1352, de data 10/12/2022, os requisitos específicos que deben reunir as persoas aspirantes son os seguintes:

- c) Titulación esixida: Estar en posesión do Título de Graduado Escolar, Graduado en Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente

Ademais, deberán acreditar a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, establecida no RD 1368/2007, de 19 de outubro. No seu defecto, para a acreditación deste requisito, estar en posición da titulación de Formación Profesional de Técnico de Coidados Auxiliares de Enfermería ou ciclo formativo de grado medio, Técnico de Atención sociosanitaria ou resguardo acreditativo de haber obtido o certificado ou a titulación requirida anteriormente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar o orixinal ou fotocopia compulsada da credencial que acredite a súa homologación en España

- d) Nivel de Galego: Celga 3. De non cumprirse este requisito deberase substituír por unha proba de galego.

SEGUNDO. Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://sarria.sedelectronica.es> a presente resolución, así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

TERCEIRO. Publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado extracto da publicación desta resolución.

CUARTO. Outorgar un novo prazo de presentación de solicitudes respecto das prazas incluídas nestas bases específicas de 20 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do extracto no Boletín Oficial do Estado, con indicación de que as solicitudes presentadas dende o día seguinte da primeira publicación (Boletín Oficial do Estado número 310 de data 27/12/2022) serán consideradas dentro de prazo sen necesidade de aportar de novo a documentación.

A presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do no Boletín Oficial da Provincia,

consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo

Sarria, 16 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 0161

TRABADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE TRABADA.

O Pleno do Concello de Trabada, en sesión extraordinaria celebrada en data 28 de decembro de 2022, aprobou inicialmente a “**Proposta de modificación parcial da relación de postos de traballo do Concello de Trabada**”, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia.

Por medio do presente anuncio ábrese un período de información pública polo prazo de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado o expediente completo nas dependencias municipais e aos efectos de que polos interesados se poidan presentar as reclamacións, suxestións ou alegacións que estimen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do contido da modificación parcial da relación do postos de traballo no Boletín Oficial da Provincia.

No caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación íntegra do contido da citada modificación parcial, de conformidade do disposto no artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

Trabada, 20 de xaneiro de 2023.- A alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 0183

O VICEDO

Anuncio

Téndose aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación a modificación do cadro de persoal aprobado para 2022, consistente na creación dunha praza de técnico de urbanismo en substitución da praza de arquitecto técnico, consonte o acordo acadado na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2022, e, en cumprimento do artigo 126.3 en relación co artigo 127 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, de seguido reproducése o contido da modificación,

CADRO DE PERSOAL.-

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA	EFFECTIVOS	GRUPO	SUBGRUPO	CD
3.- <u>Escala de Administración Especial</u> Subescala: Técnica Técnico de Urbanismo	1	A	A1/A2	24

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O Vicedo, 18 de xaneiro de 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0162

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - O VALADOURO***Anuncio***AXUDAS AO TRANSPORTE CURSO 2022/2023**

BDNS (Identif.): 670455

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/670455>)

Convocatoria de axuda para o transporte de estudantes de Bacharelato e ciclos formativos en centros públicos da Comarca de A Mariña -Curso 2022/2023

BDNS (Identif.): 670455

a) Crédito orzamentario: 4.000 euros. Partida de imputación: 323.480.

b) Obxecto, condicións e finalidade:

O obxectivo é a concesión de axudas económicas individuais destinadas a sufragar os gastos de desprazamento daqueles alumnos/as do Concello que estudian fóra do termo municipal bacharelato e ciclos formativos en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, mediante o uso prioritario do transporte público, nalgunha das seguintes modalidades, e sempre dentro da comarca de A Mariña: Bacharelato, Ciclo de formación profesional básica, ciclo medio de formación profesional e Ciclo superior de formación profesional, todos eles nas modalidades de Réxime ordinario, Réxime das persoas adultas modalidade presencial (oferta modular) e Formación profesional dual.

A finalidade é favorecer a escolarización non obrigatoria nos niveis de bacharelato e ciclos de formación profesional, así como o uso do transporte público.

A tales efectos os estudantes deben estar matriculados en centros sostidos con fondos públicos da Comarca de A Mariña, integrada por:-Comarca de A Mariña Oriental: Barreiros, Ribadeo, Trabada e A Pontenova.-Comarca de A Mariña Central: Burela, Valadouro, Alfoz, Foz, Lourenzán e Mondoñedo.-Comarca de A Mariña Occidental: O Vicedo, Xove, Viveiro, Cervo e Oulol.

c) Réxime de convocatoria: Concorrenza competitiva.

d) Beneficiarios e requisitos:

As axudas poderán ser solicitadas polas familias das/os alumnas/os, e concreto polo menos un dos proxenitores naturais e por adopción dos menores titulares do Libro de Familia, os seus titores legais, ou polas/os propias/os alumnas/os se son maiores de idade, cando se reúnan os seguintes requisitos:

a.- Toda a unidade familiar, engadido o alumno, deberá cumprir o requisito de estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de O Valadouro, salvo no suposto de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

b.- Encontrarse matriculado, durante o curso académico que se inicie na anualidade da convocatoria, nalgún dos estudos indicados na base primeira impartidos en centro educativo sostido con fondos públicos da Comarca de A Mariña e manter dita matrícula ata o remate do curso.

c.- O estudante non pode ter cumpridos os 30 anos, tanto no momento da convocatoria como dentro do ano natural no que se publique a mesma.

d.- Non ser o solicitante nin o beneficiario debedor/a a Facenda Municipal, Autonómica ou Estatal así como a Seguridade Social.

e.- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de O Valadouro.

f.- Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

g.- Ter unha porcentaxe de asistencia ao centro educativo como mínimo do 90%.

h.- Utilizar o transporte público sempre que exista unha liña de autobús compatible coa xornada lectiva.

e) Documentación a presentar:

a.- Impreso de solicitude (Anexo I) e declaración xurada (Anexo II).

b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante (en caso de alumnos/as menores de idade) e do alumno/a.

- c.-Fotocopia do Libro de Familia.
- d.-Certificado de empadramento e convivencia.
- e.-Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda.
- f.-Certificación de titularidade da conta bancaria onde efectuar o ingreso. No caso de alumnos/as maiores de idade, deberán ser titulares da conta bancaria.
- g.-Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado.
- h.-Declaración acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrígase condicións necesarias para a obtención da axuda, no modelo normalizado. (Anexo III) onde conste que non anulará matrícula, que destinará a contía económica aos fins establecidos durante o curso académico correspondente.
- f) Unidade tramitadora: Alcaldía.
- Órgano competente resolución: Alcaldía
- g)Prazo de presentación de solicitudes: 30 DIAS HÁBILES contados a partir do día seguinte da publicación da presente no BOP e na BDNS.
- h) Prazo de resolución e notificación: 6 meses.
- i) Admítese a reformulación de solicitudes.
- j) A resolución de concesión pon fin á vía administrativa, cabendo a presentación de recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo de un mes ou ben contencioso-administrativo no prazo de dous meses.
- k) Criterios de valoración: No suposto de que o número de solicitudes presentadas na convocatoria correspondente, que cumpran os requisitos das presentes bases, superase a cantidade orzamentaria total asignada, a mesma non se verá modificada, reducíndose en todo caso de forma proporcional a contía asignada a cada beneficiario.
- l) Medio de notificación: A resolución notificarase aos interesados por publicación no taboleiro de anuncios, sede electrónica, e serán notificados individualmente. Transcorrido o citado prazo sen que se renuncie á subvención, se entenderá tacitamente aceptada.
- m) Outros datos.

As solicitudes formularanse no modelo normalizado existente nas oficinas de rexistro do Concello e publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, presentánsese no Rexistro de entrada do Concello ou por calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O VALADOURO, 13 de xaneiro de 2023,- ALCALDE-PRESIDENTE, EDMUNDO MASEDA.

R. 0164

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

PROYECTO DE ACTUACIONES PARA REDUCIR EL RIESGO DE INUNDACIÓN DEL RÍO RATO EN EL ENTORNO DE LA GLORIETA DE LA CALLE SERRA DE MEIRA. T.M. LUGO. PDM MIÑO-SIL ALCH0ICET29UR2380.

CLAVE: M1.444-244/2111.

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 16 de enero de 2023, se ha acordado someter a información pública los documentos relativos a las obras del asunto que a continuación se relacionan y a los efectos que igualmente se expresan:

- Proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

- Relación de bienes y derechos afectados, a los efectos previstos en el artículo 18 de la Ley de 16 de diciembre de 1954 sobre Expropiación Forzosa y de los artículos 17 y 18 del Decreto de 26 de abril de 1957 por el que se aprueba el Reglamento de la Ley de Expropiación Forzosa. Se incluye como anexo al presente documento.

Los referidos documentos estarán publicados en la web oficial de la Confederación Hidrográfica Miño-Sil, O.A. para que puedan ser examinados por quienes lo deseen y formular las alegaciones u observaciones que consideren oportunas, sobre el contenido de los mismos, durante el plazo de veinte (20) días hábiles contados a partir del día siguiente de la publicación del presente anuncio en el último de los Boletines Oficiales en que se ha de publicar,

Boletín Oficial del Estado y Boletín Oficial de la Provincia de Lugo. Además, quienes lo deseen podrán consultarlo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., siendo necesario solicitar cita previa en el número de teléfono 988 399 422.

Además de lo anterior, la relación de bienes y derechos afectados estará expuesta en el Ayuntamiento de Lugo.

En Ourense a 17 de enero de 2023,

EL PRESIDENTE DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A. -José Antonio Quiroga Díaz

ANEXO: RELACIÓN DE BIENES Y DERECHOS AFECTADOS

Nº ORDEN	POLÍGONO / CALLE	PARCELA	REFERENCIA CATASTRAL	TITULARES	SUPERFICIE TOTAL AFECTADA (m²)	SUPERFICIES AFECTADAS DE EXPROPIACIÓN (m²)	
						EXPROPIACIÓN PERMANENTE / DOMINIO	OCUPACIÓN TEMPORAL
0	-	-	-	TITULARIDAD PÚBLICA (Parcela correspondiente al río Rato)	138,5	0	0
1	85	66	27900A08500066	A27292697	70,25	3,13	67,12
2	85	365	27900A08500365	A27292697	228,81	41,69	187,12
3	85	67	27900A08500067	A27292697	182,97	40	142,97
4	85	69	27900A08500069	PEMAS GOMEZ BENDIETO	369,43	124,58	244,85
5	Rúa Paradai de Abaixo	13	7840704PH1674S0001WH	B88294731	346,03	120,48	225,55

R. 0163